

odaiKO

percussion group



odaiko

percussion group

La formación

Su trayectoria

Las producciones

Galician on Board

Los componentes

Video

contacto: info@odaiko.es

información: www.odaiko.es



Odaiko

Odaiko Percussion Group toma su nombre del ODAIKO, una variante muy voluminosa del TAIKO, un tambor tradicional japonés. Con 1,2 metros de diámetro y 1,5 de profundidad, llegan a ser necesarias tres personas para poder ser tocado.

Como nace

Integrado por **licenciados en percusión clásica, contemporánea y jazz** en el Conservatorio de Ámsterdam, Real Conservatorio de La Haya (Holanda) y Universidad de Bahía (Brasil), **se forma en Holanda en el año 2003**.

La idea inicial de Odaiko nace a raíz de las numerosas colaboraciones de sus componentes en festivales como el **Steve Reich Festival** (Holanda), **Stok Leuven Contemporain Festival** (Bélgica), **Convención Internacional de Percusión de Taipei** (Taiwán), **"I am pulse" Manila Festival** (Filipinas), **Nancy Zeltsman Festival** (EEUU), etc.

A pesar de que ya nos conocimos en Galicia, hasta llegar a Holanda no contemplamos la posibilidad de tocar juntos, primero como dúo, luego como trío y más tarde como Odaiko Percussion Group.

La propuesta artística de este grupo gallego se centra en la **exploración de la música tradicional multiétnica**, en su variante percusiva, faceta poco trabajada por la dificultad que supone la diversidad técnico-musical.

Instrumentos en escena

En nuestros espectáculos se pueden encontrar **instrumentos de origen oriental** (odaikos, gongs, tablas), **africanos** (djembé, sabar, dum-dum), **latinoamericanos** (congas, bongos, maracas, cajón), gallegos (bombo y platillos, tamboril, tarrañuelas) e **instrumentos de creación posterior** como marimba, vibráfono o batería.

Odaiko

Odaiko Percussion Group (OPG) toma o seu nome do ODAIKO, unha variante moi voluminosa do TAIKO, un tambor tradicional xaponés. Con 1,2 metros de diámetro e 1,5 de profundidade, chegan a ser necesarias tres persoas para poder ser tocado.

Como nace

Integrado por licenciados en percusión clásica, contemporánea e jazz no Conservatorio de Amsterdam, Real Conservatorio da Haia (Holanda) e Universidade da Baía (Brasil), este grupo fórmase en Holanda no ano 2003.

A idea inicial de Odaiko nace a raíz das numerosas colaboracións dos seus compoñentes en festivais como o Steve Reich Festival (Holanda), Stok Leuven Contemporain Festival (Bélgica), Convención Internacional de Percusión de Taipei (Taiwán), "I am pulse" Manila Festival (Filipinas), Nancy Zeltsman Festival (EE.UU), etc.

A pesar de que xa nos coñecemos en Galicia, ata chegar a Holanda non contemplamos a posibilidade de tocarmos xuntos, primeiro como dúo, logo como trío e máis tarde como Odaiko Percussion Group.

A proposta artística deste grupo galego céntrase na exploración da música tradicional multiétnica, na súa variante percusiva, faceta pouco traballada pola dificultade que supón a diversidade técnico-musical.

Instrumentos en escena

Nos nosos espectáculos pódense atopar instrumentos de orixe oriental (odaikos, gongs, táboas) africanos (djembé, sabar, dum-dum) latinoamericanos (congas, bongos, maracas, caixón) galegos (bombo e pratos, tamboril, tarrañolas) e instrumentos de creación posterior coma marimba, vibráfono ou batería.



Trayectoria

Odaiko Percussion Group ha estado en festivales como **Steve Reich Festival** (La Haya, Holanda), **Holland Festival** (Holanda), **Zeltsman Marimba Festival** (Appleton, Wisconsin, EEUU), **Junio Musical** (Jalapa, México), **Taipei International Percusión Convention** (Taiwan), "I am pulse" **Manila Festival** (Filipinas), el **Leuven Contemporain Music Festival** (Bélgica), **Festival del Tambor** (Hijar-Teruel), **Festival Internacional de Folk** (Getxo-Bilbao), **Festival de Ortigueira** (Galicia), **Convención Nacional de Percusión** (Badajoz), **Noche Blanca** (Madrid), **Círculo de Bellas Artes** (Madrid), **Festival de Verano** (Cabo de Gata, Almería).

Cabe destacar en el ámbito autonómico el papel llevado a cabo en la **Gala del Día de Galicia 2008**, producido por la TVG, y grabaciones en las que participa con diferentes artistas de nuestra comunidad en el campo del folk y de lo clásico.

Aparte de los festivales ya citados, cabe resaltar, en el panorama internacional, el TIPC, **Festival Internacional de Percusión de Taiwán**, uno de los mayores exponentes de la percusión en el mundo, junto con el Pasic en EEUU. Dado el éxito obtenido en el primero, Odaiko es invitado al ya citado festival americano y a Hong-Kong, para tocar en la sala de la **Hong-Kong Symphony Orchestra**. Ambos proyectos se llevarán a cabo el próximo año.

Presente

Odaiko es productor de sus músicas y sus espectáculos y representa diferentes marcas de instrumentos como **Meinl**, **Odaiko Mallets**, **Guzmán percusión**, **California** o **Concorde**.

En la actualidad los miembros de Odaiko compatibilizan su faceta musical en proyectos de reconocido prestigio: **Ear Massage** (Holanda), **X. M. Budiño** (Galicia), **Nova Galega de Danza** (Galicia), **Cornelius 1960** (Galicia), **Orquesta Nacional de Irlanda** (Dublín), **Concorde Ensemble** (Dublín), **Orquesta Sinfónica de Galicia** (Galicia), **Nuevo Contemporáneo** (Zaragoza), diversas formaciones de jazz...

En el campo didáctico, Odaiko ha realizado más de **20 cursos** por toda la geografía nacional, y son **profesores en los conservatorios de Pontevedra, Santiago de Compostela, Obradoiro de A Coruña** y la **Escuela Municipal de Música de Santiago de Compostela**.

Traxectoria

Odaiko Percussion Group estuvo presente en festivais como Steve Reich Festival (A Haia, Holanda), Holland Festival (Holanda), Zeltsman Marimba Festival (Appleton, Wisconsin, EEUU), Junio Musical (Jalapa, México), Taipei International Percusión Convention (Taiwan), "I am pulse" Manila Festival (Filipinas), o Leuven Contemporain Music Festival (Bélgica), Festival do Tambor (Hijar-Teruel), Festival Internacional de Folk (Getxo-Bilbao), Festival de Ortigueira (Galicia), Convención Nacional de Percusión (Badaxoz), Noite Branca (Madrid), Círculo de Bellas Artes (Madrid), Festival de Verán (Cabo de Gata, Almería).

Cabe destacar no panorama autonómico o papel levado a cabo na Gala do día de Galicia 2008, producido pola TVG, e gravacións nas que participa con diferentes artistas da nosa comunidade no eido do folk e do clásico.

Á parte dos festivais xa citados, cabe resaltar, no eido internacional, o TIPC, Festival Internacional de Percusión de Taiwán, un dos dous maiores expoñentes da percusión no mundo, xunto co Pasic en EEUU. Dado o éxito obtido no primeiro, Odaiko é invitado ao xa citado festival americano, e a Hong-Kong, para tocar na sala da Hong-Kong Symphony Orchestra. Ambos os dous proxectos se levarán a cabo o próximo ano.

Presente

Odaiko é produtor das súas músicas e dos seus espectáculos e tamén representa diferentes marcas de instrumentos como Meinl, Odaiko Mallets, Guzmán Percusión, California, Concorde.

Na actualidade os membros de Odaiko compatibilizan a súa faceta musical en proxectos de recoñecido prestixio: Ear Massage (Holanda), X. M. Budiño (Galicia), Nova Galega de Danza (Galicia), Cornelius 1960 (Galicia), Orquesta Nacional de Irlanda (Dublín), Concorde Ensemble (Dublín), Orquesta Sinfónica de Galicia (Galicia), Nuevo Contemporáneo (Zaragoza), diversas formacións de jazz...

No ámbito didáctico, Odaiko, realizou máis de 20 cursos por toda a xeografía nacional, e son profesores nos conservatorios de Pontevedra, Santiago de Compostela, Obradoiro da Coruña e a Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Producciones

OKHO

Para nuestro primer espectáculo, **importamos desde oriente decenas de tambores** para componer la médula espinal de OKHO. Este nombre proviene de una obra escrita por Iannis Xenakis, compositor griego y artista multidisciplinar con colaboraciones entre otros con Le Corbusier. Fue una apuesta íntegramente percusiva donde **la música contemporánea se fusiona con el jazz, el flamenco, la música tradicional india o los cantos tribales** que acompañan a los djembés de Senegal. Un viaje exploratorio por las tradiciones percusivas globales adaptadas en un único show que conjuga una buena dosis teatral con **proyecciones audiovisuales, humor y una cuidada puesta en escena.**

De este modo, **ODAIKO reinventa la fórmula del concierto clásico**, en la cual se pactan las pausas y los aplausos en favor de la **improvisación fluida, la bidireccionalidad y la complicidad** con el público. Este concepto invita a descubrir como la percusión, la más grande familia de instrumentos, puede aunar ritmo y melodía transportando al oyente por un viaje alrededor del mundo a través de la amplia gama de colores, sabores y timbres que la percusión posee.

Odaiko en las Escuelas

Sería el segundo gran proyecto, una fascinante historia de cuatro percusionistas del rural gallego que se echan a andar por el mundo con el afán y la pasión de descubrir ese medio rítmico que los fascina. El viaje de estos personajes resume y compara las similitudes de esos gráficos que representan los ritmos. En este espectáculo contamos con la inestimable narración de **Serxio Pazos.**

Produccións

OKHO

Para o noso primeiro espectáculo, importamos desde oriente decenas de tambores para compoñer a medula espiñal de OKHO. Este nome vén dunha obra escrita por Iannis Xenakis, compositor grego e artista multidisciplinario con colaboracións entre outros con Le Corbusier. Foi unha aposta íntegramente percusiva onde a música contemporánea se fusiona co jazz, o flamenco, a música tradicional india ou cantos tribais que acompañan os djembés de Senegal. Unha viaxe exploratoria polas tradicións percusivas globais adaptadas nun único show que conxuga unha boa dose teatral con proxeccións audiovisuais, humor e unha cuidada posta en escena.

Deste xeito, ODAIKO reinventa a fórmula do concerto clásico, na cal se pactan as pausas e os aplausos en favor da improvisación fluida, a bidireccionalidade e a complicidade co público. Este concepto convida a descubrir como a percusión, a máis grande familia de instrumentos pode axuntar ritmo e melodía transportando o oínte por unha viaxe arredor do mundo a través da ampla gama de cores, sabores, e timbres que a percusión posúe.

Odaiko nas Escolas

Sería o segundo gran proxecto de OPG, unha fascinante historia de catro percusionistas do rural galego que se botan a andar polo mundo co afán e a paixón de descubriren ese medio rítmico que os fascina. A viaxe destes personaxes resume e compara as similitudes deses gráficos que representan os ritmos. Neste espectáculo contamos coa inestimable narración de Serxio Pazos.



GALICIAN on board

La idea de Galician on Board es hacer un viaje en el tiempo trasladándonos al S. XIX y representar el profundo cambio que se ha producido en Galicia hasta nuestros días. Conceptos como labrador, folclore, emigración, industrialización, etc., están presentes a lo largo del **show en un viaje músico-percusivo tratado de un modo vanguardista.**

Odaiko nos ofrece un crisol de ideas musicales donde los ritmos de culturas ajenas como el latin, el flamenco, el brasileiro o el africano se entremezclan con las innovaciones técnicas percusivas y el folclore gallego para representar un pasado que da respuesta a nuestro presente.

Para esta ocasión hemos querido contar con la voz de la prestigiosa artista **Guadi Galego**, que nos encandiló en proyectos como **Berrogüeto**, y la colaboración del artista **X. M. Budiño**.



*"Galician on Board"
tercer proyecto que Odaiko saca a la calle
despues de "OKHO" y "Odaiko en la Escola"
terceiro proxecto que Odaiko saca á rúa
despois de "OKHO" e "Odaiko na Escola"*

A idea de Galician on Board é facer unha viaxe no tempo trasladándonos ao s. XIX e representar o profundo cambio que se produciu en Galicia ata os nosos días. Conceptos como labrego, folclore, emigración, industrialización, etc., están presentes ao longo do show nunha viaxe músico-percusiva tratada dun xeito vangardista.

Odaiko ofrécenos un crisol de ideas musicais onde os ritmos de culturas alleas como o latin, o flamenco, o brasileiro ou o africano se mesturan coas innovacións técnicas percusivas e o folclore galego para representar un pasado que dá resposta ao noso presente.

Para esta ocasión quixemos contar coa voz da prestixiosa artista Guadi Galego, que nos enfeitizou en proxectos como Berrogüeto, e a colaboración do artista X. M. Budiño.

Músicos

Juan M. Collazo
Antonio Ocampo
Lester Rodríguez
Paulo Silva
Ton Risco

Voz

Guadi Galego

Luz

Juan C. Piedras

Sonido

Jose Antonio Vilas
Sergio González

Regidor escenario

Xurxo Guzmán

Textos

Juan M. Collazo
Fran Lavía

Música

Juan Collazo
Adrian Saavedra
Ton Risco

Idea/dir. artística

Juan M. Collazo

contacto: info@odaiko.es
información: www.odaiko.es



Antonio Ocampo

odaiko

Natural de Beade (Vigo), finaliza la carrera de música en 2009, con un sobresaliente en la especialidad de percusión y acuerda para el próximo año el concierto de fin de carrera. En 2008 acudió a un curso de posgrado en el Conservatorio Superior de Música de Zaragoza con los profesores Gustavo Jimeno, Nick Woud, Juanjo Rubio y Steven Shick.


Desde el año 1998 imparte clases en la Banda Escuela de Música de Beade. En 2007 se incorpora a la Ateneo Musical de Bembrive y en el 2009 a la Escuela Municipal de Música de Santiago de Compostela. Ha realizado numerosos cursillos de percusión por toda la geografía española con profesores de la talla de Nancy Zeltsman, Jan Pustjens, Tobias Guttmann, Lorenzo Ferrándiz, Ali N'Diaye, Nick Woud, Romain Kuonen, César Peris, Javier Benet, Marcos Valcárcel, Salvador Niebla, Arthur Lipner, Miguel Bernat, Bogdan Bacanu, Rainer Seegers, Ruben Montes, Juanjo Guillém y Josep Vicent Faus. También ha asistido a cursillos de práctica orquestal con profesores como James Ross, José Gómez, Paola Bonora, David Quiggie o Isabel Vilá y a un curso de Pedagogía Música Activa con Xavier Comesaña.

De 2000 a 2004 perteneció como alumno activo a la Joven Orquesta Sinfónica de Galicia y fue alumno de la Escuela de Altos Estudios de Santiago de Compostela. Actualmente colabora con las orquestas Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Navarra, Sinfónica Ciudad de Oviedo, Clásica de Vigo y Orquesta Coral Casablanca. También pertenece al grupo Odaiko Percussion Group, con el que realiza numerosos conciertos, destacando la participación en el 2008 Taipei International Percussion Convention, Grupo de Percusión de Galicia y Grupo de Metales del Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Natural de Beade (Vigo), finaliza a carreira de música en 2009, cun sobresaliente na especialidade de percusión e acorda para o próximo ano o concerto de fin de carreira. En 2008 acudiu a un curso de posgrao no Conservatorio Superior de Música de Zaragoza cos profesores Gustavo Jimeno, Nick Woud, Juanjo Rubio e Steven Shick.

Desde o ano 1998 imparte clases na Banda Escola de Música de Beade. En 2007 incorpórase ao Ateneo Musical de Bembrive e en 2009 á Escola Municipal de música de Santiago de Compostela. Realizou numerosos cursos de percusión por toda a xeografía española con profesores da categoría de Nancy Zeltsman, Jan Pustjens, Tobias Guttmann, Lorenzo Ferrándiz, Ali N'Diaye, Nick Woud, Romain Kuonen, César Peris, Javier Benet, Marcos Valcárcel, Salvador Niebla, Arthur Lipner, Miguel Bernat, Bogdan Bacanu, Rainer Seegers, Ruben Montes, Juanjo Guillém e Josep Vicent Faus. Tamén asistiu a cursos de práctica orquestal con profesores como James Ross, José Gómez, Paola Bonora, David Quiggie ou Isabel Vilá e a un de Pedagogía Música Activa con Xavier Comesaña.

De 2000 a 2004 pertenceu como alumno activo á Nova Orquestra Sinfónica de Galicia e foi alumno da Escola de Altos Estudos de Santiago de Compostela. Actualmente colabora coas orquestras Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Navarra, Sinfónica Ciudad de Oviedo, Clásica de Vigo e Orquestra Coral Casablanca. Tamén pertence ao grupo Odaiko Percussion Group, co que realiza numerosos concertos, destacando a participación no 2008 Taipei International Percussion Convention, Grupo de Percusión de Galicia e Grupo de Metais do Conservatorio Superior de Música de Vigo.



Lester Rodríguez Gómez

odaiko

Nacido en La Habana (Cuba), inició sus estudios en la escuela de música Adolfo Guzmán y continuó posteriormente en el Conservatorio Amadeo Roldán. Completó sus estudios superiores en la Escuela Nacional de Música de la Universidad Nacional Autónoma de México. Realizó estudios de Máster en el Koninklijk Conservatorium (Conservatorio Real) de La Haya (Holanda). Desde el 2006 reside en España y realiza estudios de Doctorado en Musicología en la Universidad Complutense de Madrid.

Ha impartido varios cursos y talleres de percusión contemporánea, latina y africana en España, México y Holanda. Se ha presentado en las salas de conciertos más importantes de México con varias orquestas y ensembles de cámara. Ha colaborado con Plural Ensemble, Champ d'Action, Anumadutchi, Amsterdam Percussion Group, el Grupo de Percusión de La Haya, ASKO Ensemble, Soil, Camerata de las Américas y Tambuco, entre otros. Así mismo, ha participado en numerosos festivales, entre las que se incluyen Bienale di Venezia, Steve Reich Festival, Festival Internacional Cervantino y Caribe Internacional.

Como baterista y percusionista de 1999 a 2003 integró el quinteto de Gonzalo Romeu y el grupo Los Sauces. Ha sido invitado a realizar numerosas grabaciones, que abarcan desde música antigua hasta contemporánea, incluyendo música folklórica y popular latinoamericana. Con Ear Massage Percussion Quartet obtuvo el segundo lugar en el Concurso Internacional de Intérpretes Gaudemus, Ámsterdam 2009, y tercer Lugar en el Concurso Internacional de Cuartetos de Percusión en Luxemburgo 2005. Sus presentaciones han incluido la Convención Internacional de Percusión en Taiwán, el Drum Festival en Hong Kong y el PASIC 2007 en Estados Unidos, así como conciertos en Holanda, Serbia, México y España. Actualmente es miembro de los grupos Modelo 62, Ear Massage Percussion Quartet, Formatoa4 (trío de guitarras y percusión) y Odaiko Percussion Group.

Nacido na Habana (Cuba), iniciou os seus estudos na escola de música Adolfo Guzmán e continuou posteriormente no Conservatorio Amadeo Roldán. Completou os seus estudos superiores na Escola Nacional de Música da Universidade Nacional Autónoma de México. Realizou estudos de Máster no Koninklijk Conservatorium (Conservatorio Real) da Haia (Holanda). Desde 2006 reside en España e realiza estudos de Doutorado en Musicoloxía na Universidade Complutense de Madrid.

Leva impartidos varios cursos e obradoiros de percusión contemporánea, latina e africana en España, México e Holanda. Presentouse nas salas de concertos máis importantes de México con varias orquestras e ensembles de cámara. Colaborou con Plural Ensemble, Champ d'Action, Anumadutchi, Amsterdam Percussion Group, o Grupo de Percusión da Haia, ASKO Ensemble, Soil, Camerata de las Américas e Tambuco, entre outros. Participou en numerosos festivais, incluíndo Bienale di Venezia, Steve Reich Festival, Festival Internacional Cervantino e Caribe Internacional.

Como batería e percusionista de 1999 a 2003 integrou o quinteto de Gonzalo Romeu e o grupo Los Sauces. Foi convidado a realizar numerosas gravacións, que inclúen desde música antiga ata contemporánea, incluíndo música folclórica e popular latinoamericana. Con Ear Massage Percussion Quartet obtivo o segundo lugar no Concurso Internacional de Intérpretes Gaudemus, Amsterdam 2009, e o terceiro lugar no Concurso Internacional de Cuartetos de Percusión en Luxemburgo 2005. As súas presentacións incluíron a Convención Internacional de Percusión en Taiwán, o Drum Festival en Hong-Kong e o PASIC 2007 en Estados Unidos, así como conciertos en Holanda, Serbia, México e España. Actualmente é membro dos grupos Modelo 62, Ear Massage Percussion Quartet, Formatoa4 (trío de guitarras e percusión) e Odaiko Percussion Group.



Paulo Silva

odaiKO

Natural de Salvador de Bahía (Brasil), realizou sus estudios en la escuela de música de la Universidad Federal de Bahía (UFBA) durante once años, cuatro de ellos cursando estudios superiores. Durante ocho años tocó como invitado en la Brass Band y en la Orquesta Sinfónica de la Universidad. También posee una amplia experiencia en música de cámara clásica y contemporánea.

Ha colaborado con varios artistas de Salvador de Bahía tanto en batería como en percusión, abarcando diferentes estilos como samba, afrobrasileño, rock, soul, funk y música étnica (World Music). Otros proyectos como free lancer los ha desarrollado como cantante en diferentes grupos. Ha compuesto e interpretado, junto a otros dos músicos, la banda sonora de la conmemoración del 25º aniversario del Balé do Teatro Castro Alves, el teatro más importante de Bahía

Durante 2004 y 2005 cursó estudios de batería de jazz con Michael Kuettner en Alemania, gracias a una beca de estudios en la Musikhochschule Mannheim. También ha participado en numerosas grabaciones tanto en batería como en percusión y cantante, destacando el último trabajo de la famosa percusionista americana Layne Redmond, Sundaryalahari. Otros grupos con los que toca actualmente son Xosé Manuel Budiño, El Gato y Sergio Tannus Trío.

Natural de Salvador da Baía (Brasil), realizou os seus estudos na escola de música da Universidade Federal da Baía (UFBA) durante once anos, catro deles cursando estudos superiores. Durante oito anos tocou como convidado na Brass Band e na Orquestra Sinfónica da Universidade. Tamén posúe unha ampla experiencia en música de cámara clásica e contemporánea.

Colaborou con varios artistas de Salvador da Baía, tanto en batería como en percusión, abarcando diferentes estilos como samba, afrobrasileño, rock, soul, funk e música étnica (World Music). Outros proxectos como free lancer desenvolveunos como cantante en diferentes grupos. Compuxo e interpretou, xunto a outros dous músicos, a banda sonora da conmemoración do 25º aniversario do Balé do Teatro Castro Alves, o teatro máis importante da Baía

Durante 2004 e 2005 cursou estudos de batería de jazz con Michael Kuettner en Alemaña, grazas a unha bolsa de estudos na Musikhochschule Mannheim. Tamén participou en numerosas gravacións tanto en batería como en percusión e cantante, destacando o último traballo da famosa percusionista americana Layne Redmond, Sundaryalahari. Outros grupos cos que toca actualmente son Xosé Manuel Budiño, El Gato e Sergio Tannus Trío.

odaiko

Juan M. Collazo Quinteiro

Nacido en Merza (Pontevedra), comenzó sus estudios de percusión en la Banda Artística de Merza con el profesor Xurxo Guzmán y continuó en el Conservatorio de Lalín, en el Conservatorio Superior de Música de A Coruña y en la Escuela de Altos Estudios Musicales de Galicia.

En el año 2002 fue alumno de Jan Pustjens, Nick Woud, Lorenzo Ferrándiz, Gustavo Gimeno, Victor Oskam, Peter Prommel y Ali N'Diaye Rose en el Sweelinck Conservatorium van Amsterdam (Holanda).

En su carrera profesional ha colaborado con numerosas orquestas como: Joven Orquesta Nacional de España, Joven Orquesta de la OSG, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Banda Sinfónica de Galicia, Orquesta de Cámara de Ponferrada, Orquesta de la Escuela Reina Sofía, Grupo de Percusión Nacional de Holanda (NJO), Orquesta Filarmónica de Heemstede (Holanda), Nuevo Contemporáneo de Zaragoza, grupo Enigma (Zaragoza), Plural (Madrid), Royal Concertgebouw de Ámsterdam...

Ha impartido cursos por toda la geografía Española (Joven Orquesta de Soria, cursos del Gobierno de Aragón... A esto hay que sumarle su labor pedagógica como director de los cursos Merza 2002-03-04-05, considerados como unos de los de mayor interés a nivel Europeo.

Como solista cabe destacar su interpretación en la sala de la Concertgebouw (Ámsterdam) - 2005 con el concierto para marimba vibráfono y orquesta, su actuación en el Nancy Zelstman festival-2005 (Appleton), concurso de jóvenes interpretes de Vigo-2006...

Durante la temporada 2004-2005 fue percusionista de la Orquesta Sinfónica de Navarra (Pablo Sarasate), en la 2005-2006 colaborador del Ensemble Nacional de Música Contemporánea de España y numerario en la Orquesta do Norte (Portugal) como timbalero principal de sección.

En la actualidad es profesor numerario del Conservatorio de Pontevedra, en el que ejerce como jefe de departamento; forma parte de la compañía Nova Galega de Danza y es miembro fundador y uno de los directores artísticos de Odaiko Percussion Group y Percuna Dúo, en los cuales trabaja conjuntamente con su colega Ton Martínez-Risco.

Nacido en Merza (Pontevedra), comezou os seus estudos de percusión na Banda Artística de Merza co profesor Xurxo Guzmán e continuou no Conservatorio de Lalín, no Conservatorio Superior de Música da Coruña e na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

No ano 2002 foi alumno de Jan Pustjens, Nick Woud, Lorenzo Ferrándiz, Gustavo Gimeno, Victor Oskam, Peter Prommel e Ali N'Diaye Rose en el Sweelinck Conservatorium van Amsterdam (Holanda).

Na súa carreira profesional colaborou con numerosas orquestas como Joven Orquesta Nacional de España, Nova Orquesta da OSG, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Banda Sinfónica de Galicia, Orquesta de Cámara de Ponferrada, Orquesta da Escola Reina Sofía, Grupo de Percusión Nacional de Holanda (NJO), Orquesta Filarmónica de Heemstede (Holanda), Nuevo Contemporáneo de Zaragoza, grupo Enigma (Zaragoza), Plural (Madrid), Royal Concertgebouw de Amsterdam...

Leva impartido cursos por toda a xeografía española (Joven Orquesta de Soria, cursos do Goberno de Aragón... A isto hai que lle engadir o seu labor pedagóxico como director dos cursos Merza 2002-03-04-05, considerados como uns dos de maior interese no nivel europeo.

Como solista cabe destacar a súa interpretación na sala da Concertgebouw (Amsterdam)-2005 co concerto para marimba vibráfono e orquesta, a súa actuación no Nancy Zelstman Festival-2005 (Appleton), o concurso de novos interpretes de Vigo-2006...

Durante a temporada 2004-2005 foi percusionista da Orquesta Sinfónica de Navarra (Pablo Sarasate), na 2005-2006 colaborador do Ensemble Nacional de Música Contemporánea de España e numerario na Orquesta do Norte (Portugal) como timbaleiro principal de sección.

Na actualidade é profesor numerario do Conservatorio de Pontevedra, no que exerce como xefe de departamento; forma parte da compañía Nova Galega de Danza e é membro fundador e é un dos directores artísticos de Odaiko Percussion Group e Percuna Dúo, nos cales traballa conxuntamente co seu colega Ton Martínez-Risco.

contacto: **info@odaiko.es**
información: **www.odaiko.es**